



CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

▪ C/ Lois nº 33- Oza; 15388 Oza dos Ríos (A Coruña) – Tfno. 981/ 792000- Fax. 981/ 792025

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2011 - 2012

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria de axudas ao estudo para aquelas familias empadroadas neste Municipio que se atopen nunhas condicións económicas e sociais desfavorables das que os/as seus fillos/as realicen estudos de EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA e EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA nun Centro Público, e que non perciban outra axuda polo mesmo concepto doutras Administracións Públicas. As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos:

- a) A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Oza dos Ríos.
- b) Ter algún fillo/a matriculado nalgún curso do 2º ciclo de Educación Infantil, en Educación Primaria ou Educación Secundaria Obrigatoria nun centro de ensino público.
- c) Que os ingresos das unidades familiares non superen as cantidades que se recollen na base quinta da presente convocatoria.
- d) Ter presentado a solicitude e documentación no prazo establecido.

TERCEIRA.- PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN DA AXUDA

Terán preferencia para obter estas axudas, as unidades familiares que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Orfos/as absolutos/as.
- Fillos/as de pai ou nai solteiros, de divorciado/a ou separado/a legalmente ou de feito, para os que a única fonte de ingresos sexan os alimentos ou pensión alimenticia, nos seus respectivos casos.
- Familias con dous membros en situación de desemprego.
- Familias numerosas co título correspondente.
- Familias que poidan considerarse casos especiais segundo a valoración dos Servizos Sociais Municipais.



CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

▪ C/ Lois nº 33- Oza; 15388 Oza dos Ríos (A Coruña) – Tlfno. 981/ 792000- Fax. 981/ 792025

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas irán destinadas a cubrir os seguintes gastos:

- Educación Infantil: libros de texto, material escolar e actividades extraescolares da A.N.P.A do C.E.I.P. Oza.
- Educación Primaria: material escolar e actividades extraescolares da A.N.P.A do C.E.I.P. Oza.
- Educación Secundaria Obrigatoria: material escolar.

QUINTA.- CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda concederáse en función dos ingresos económicos da unidade familiar. Segundo isto, establécese o seguinte baremo.

- LIBROS DE TEXTO
 - Axuda 1: o límite estaría nunha renda de 28.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle un importe de 30 €
 - Axuda 2: o límite estaría nunha renda de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle un importe de 70 €
- MATERIAL ESCOLAR
 - Axuda 1: o límite estaría nunha renda de 28.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle un bono canxeable para material escolar por un importe máximo de 20 €
 - Axuda 2: o límite estaría nunha renda de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle un bono canxeable para material escolar por un importe máximo de 30 €
- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO C.E.I.P. OZA
 - Axuda 1: o límite estaría nunha renda de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle 3 actividades extraescolares como máximo.
 - Axuda 2: o límite estaría nunha renda de 11.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle 4 actividades extraescolares como máximo.

Para estes efectos enténdese por:

a) UNIDADE FAMILIAR: considérase familia para calcular o baremo de recursos, o matrimonio ou parella de feito, os pais/nais ou titores legais e os fillos/as menores de dezoito anos que non estean traballando, e os maiores de idade que estean estudando. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co



CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

- C/ Lois nº 33- Oza; 15388 Oza dos Ríos (A Coruña) – Tfno. 981/ 792000- Fax. 981/ 792025

solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

b) RENDA FAMILIAR: a suma dos ingresos netos obtidos no último exercicio por todos os membros computables da unidade familiar, sexa cal sexa a súa procedencia (rendementos do traballo por conta propia ou allea, pensións, prestacións e subsidios, rendas de capital,...).

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I, e dirixirse ás Oficinas dos Servizos Sociais do Concello de Oza dos Ríos en horario habitual de atención ao público (9-14 horas). Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.ozadosrios.es. Xunto coa solicitude asinada polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante (Pai/nai ou titor/a).
- 2.- Fotocopia do libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).
- 3.- Xustificante de ingresos referido a tódolos integrantes da unidade familiar, que se xustificarán, no seu caso, mediante a seguinte documentación:

- Declaración da renda correspondente ao último exercicio (ano 2010). No caso de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia Tributaria.
- As persoas que non estiveran obrigadas a declarar presentarán informe de vida laboral solicitado no Organismo correspondente (Tesorería Xeral da Seguridade Social), con posterioridade á publicación desta convocatoria. Se no informe de vida laboral figura a existencia de cotización durante o ano 2010 (xa sexa traballo por conta propia ou allea, ou por prestacións por desemprego), deberá xustificarse documentalmente a procedencia e o importe destes ingresos mediante: certificado de empresa de remuneracións ou certificado do INEM do período da prestación e da contía anual percibida.
- No caso de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade mensual que se percibe.
- No caso de estar desempregado/a, presentar documentación que acredite dita situación.



CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

▪ C/ Lois nº 33- Oza; 15388 Oza dos Ríos (A Coruña) – Tfno. 981/ 792000- Fax. 981/ 792025

- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.
- No caso de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2011 ata a data da convocatoria.

4.- Xustificante de matrícula para o curso 2011/2012.

5.- Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

* O empadramento comprobarase de oficio.

SETIMA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas polos Servizos Sociais a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

Para a axuda para material escolar, os Servizos Sociais Municipais cando as solicitudes foran resoltas procedimentalmente, facilitarán os/as beneficiarios/as un “BONO” (Anexo II) no que figurará o importe máximo subvencionado a presentar na librería “Cousas i Cousos” de Oza dos Ríos, para canxealo polo material escolar obxecto da presente subvención.

OITAVA.- COMISIÓN CALIFICADORA

A Comisión Calificadora estará composta polas integrantes dos Servizos Sociais deste municipio (Traballadora Social e Educadora).

NOVENA.- ABONO DA AXUDA

O pago das axudas efectuarase ao solicitante, unha vez resolto o concurso.

DÉCIMA.-

Facúltase amplamente á Alcaldía para a execución e desenvolvemento das presentes bases.

Oza dos Ríos, 8 de setembro de 2011

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro



CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

▪ C/ Lois nº 33- Oza; 15388 Oza dos Ríos (A Coruña) – Tfno. 981/ 792000- Fax. 981/ 792025

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2011-2012

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos	
D.N.I.	
Enderezo	
Teléfono	
Número membros unidade familiar	

EXPÓN:

Que tendo coñecemento de que o Concello de Oza dos Ríos convoca axudas para o estudo para o curso académico 2011/2012 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as realicen estudos nun centro público.

SOLICITA A CONCESIÓN DAS SEGUINTE:

- Libros de texto (Educación Infantil)
- Material escolar (Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria)
- Actividades extraescolares da A.N.P.A. do C.E.I.P. Oza

NOME DO ALUMNO/ALUMNA	CURSO	CENTRO
1.-		
2.-		
3.-		
4.-		
5.-		

Oza dos Ríos, _____ de _____ de 2011

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

